1. Le o seguinte texto:

Canto as fazañas e o heroe que, tras fuxir obrigado
polo destino, foi o primeiro en chegar desde as costas de Troia a Italia
e ao litoral lavinio, lanzado moito tempo por terra e por mar
pola violencia dos deuses, debido ao rancor inesquecible da cruel Xuno,
e tamén tivo que aturar grandes sufrimentos na guerra, ata presentarse a ocasión de
fundar unha cidade e poñer os seus deuses no Lacio; de aí veu a raza latina
e os Pais Albaneses e as murallas da soberbia Roma.
Musa, lémbrame as causas, por que ofensa divina
ou por que dor a raíña dos deuses empuxou a un heroe distinguido pola piedade
a padecer tantas desgrazas, a enfrontar tantas penalidades.
Tanto rancor hai nos espíritos dos deuses celestes?

(Virxilio, *Eneida* 1, 1-11)
[texto (5) da Selección de textos da unidade 2]

2. Contesta as seguintes preguntas:

a. Indica o autor deste texto

b. Sinala o título da obra ao que pertence este texto

c. A que xénero pertence este texto?

d. En que época se sitúa?

e. Ofrece algunha información sobre o contexto histórico, que sexa fundamental para a comprensión da obra.

f. Que outras obras escribiu o autor?

g. Que saberías comentar de Eneas antes de Virxilio?

h. Hai algunha referencia ao ámbito divino no fragmento?

3. Realiza un breve comentario do texto tendo en conta os aspectos que se sinalan a continuación: a) forma do texto (prosa/verso, tipo de verso, métrica, etc.); b) contido do texto: resumo, xénero ao que pertence, explicación do contido, conceptos clave (sobre todo reparando nas palabras clave características do xénero: *canto*, *fazañas*, *heroe*, *destino* e *musa*, no papel dos deuses e deusas, etc.), voz poética (quen canta), entre outros que queiras sinalar.